



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Alcaldía

Praza Ravela, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 565 820 · F 986 511 012
CIF: P/3606000 B
alcaldia@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

PROVIDENCIA DE INCOACIÓN:

Polo arquitecto D. Iago Fernández Puentes, redactouse o proxecto denominado “RENOVACIÓN URBANA DO ENTORNO DE MATOSINHOS. 1ª FASE”, cuxo presuposto se desagrega do seguinte xeito:

Sen IVE	IVE (21%)	Total (IVE inc.)
265.873,44 €	55.833,42 €	321.706,86 €

O devandito proxecto foi supervisado favorablemente polo Sr. Arquitecto Municipal con data 04/04/2018, no que indica asemade que é necesario o informe preceptivo do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e vivenda.

O citado proxecto foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2018.

A actuación proxectada afecta a terreos de propiedade privada, polo que é necesario que os propietarios dos terreos afectados polas obras presten o seu consentimento á execución das mesmas.

A obra proxectada ten por obxecto proceder á rexeneración urbana e humanización do entorno de Matosinhos, comprendendo a área de actuación a confluencia entre a Avda. Dr. Tourón e a Avda. Matosinhos (todo o entorno dos edificios nº 37,35 e 33 con fachadas á Avda. Dr. Tourón e os edificios 2 a 10 con fachadas á Avda. Matosinhos, incluíndo toda a zona posterior dos mesmos ata as fachadas norte e leste da escola infantil municipal). A área de actuación engloba, polo tanto, o entorno da escola infantil municipal, e comprende a reordenación e mellora de todo o espazo público, tanto dos viais de circulación de vehículos e zonas de estacionamento, como a zonas peonís e os espazos verdes.

Dende a Avda. Dr. Tourón, principal arteria de entrada á cidade pola zona sur, só existe un pequeno vial de acceso cara á escola infantil, e este non ten saída, polo que é utilizado unicamente para o estacionamento de vehículos, xerando importantes problemas de circulación tanto para os vehículos como para a accesibilidade dos peóns.

Continuando un pouco máis adiante, a Avda. Dr. Tourón entronca coa Avda. Matosinhos, que se estende cara ó sur, cunha serie de edificios residenciais na súa marxe dereita, cuxos espazos entre os mesmos tampouco permiten o acceso de vehículos á zona da escola infantil, e fan moi difícil o acceso de peóns debido ás diferenzas de cota, con importantes desniveis que se salvan por medio de escaleiras.

Tamén debe atenderse o estado de conservación, trazado e cotas das instalacións e infraestruturas (pluviais e saneamento, abastecementos, alumeadado público,...) con un funcionamento en xeral moi deficitario, que xera importantes problemas en toda a área de actuación.

Os obxectivos da obra son:



- Favorecer e consolidar a riqueza e diversidade dos usos compatibles coa función residencial, tendendo á mellora das comunicacións internas e da conectividade con respecto ó resto da cidade, tendo en conta especialmente os equipamentos e dotacións públicas existentes actualmente, co fin de que sexan xestionados coa máxima eficiencia e eficacia, tanto dende o punto de vista social e económico como urbanístico e medioambiental.
- Renovación e posta a punto de todas as infraestruturas e instalacións, englobando todas as redes de subministros e abastecemento (electricidade, gas, telefonía, telecomunicacións, etc.) e, sobre todo, as redes de evacuación de augas pluviais e de saneamento.
- Favorecer un entorno urbano seguro e accesible universalmente, mediante a axeitada organización dos viais, eliminación de barreiras arquitectónicas, a correcta distribución do tráfico rodado e zonas de estacionamento e a segregación das zonas de circulación de vehículo e zonas peonís.
- Favorecer un entorno de calidade urbana e ambiental, coa mellora de servizos, infraestruturas, instalacións públicas e redes de subministros, zonas verdes existentes e dotación de novas áreas axardinadas e mobiliario urbano, xunto ao emprego de técnicas e materiais construtivos de calidade, de fácil mantemento e un uso sostible ó longo do tempo.

O contrato ten por obxecto a execución dunha obra de acordo co disposto no art. 13 da Lei 9/2017, de contratos do sector público.

O valor estimado do contrato ascende a 265.873,44 €.

A contratación realizarase mediante procedemento aberto simplificado, toda vez que de acordo co disposto no art. 159 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, o valor estimado do contrato é inferior a 2.000.000 €.

O contrato financiarase ó 100% polo Concello de Vilagarcía de Arousa, con cargo ó superávit orzamentario do exercicio 2016.

Polo exposto, dispoño:

A iniciación do expediente de contratación da obra de referencia e que o mesmo se tramite polo procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e a través da plataforma de contratos do sector público (PLACSP).

Asdo.: Alberto Varela Paz
Alcalde-Presidente